

ENCONTRO ESTADO ACTUAL DA NORMALIZACION LINGUISTICA (ANALISE DA POLITICA OFICIAL E ALTERNATIVAS)

**CELEBRADO EN
SANTIAGO DE COMPOSTELA
18 - 19 - 20 DE ABRIL DE 1986**

Convocado por:
ASOCIACION DE ESCRITORES EN LINGUA GALEGA
ASOCIACION SOCIO-PEDAGOGICA GALEGA
FEDERACION DE AA. CULTURAIS GALEGAS

E apoiado por:
ASSOCIAÇOM GALEGA DA LINGUA

CONCLUSIÓN

OS 487 ASISTENTES AO ENCONTRO, REPRESENTANTES DOS DIVERSOS CAMPOS: ENSINANTES, TRABALLADORES DA CULTURA, FUNCIONÁRIOS, TRABALLADORES DOS MEIOS DE COMUNICACIÓN, DA ADMINISTRACIÓN, ETC, APROBARON AS SEGUINTES ANALISES E ALTERNATIVAS QUE A CONTINUACIÓN SE EXPONEN DESGLOSADAS POLAS DISTINTAS COMISIONS NAS QUE SE DIVIDIU O ENCONTRO.

AREA DO ENSINO

As valoracións da situación da normalización na que vive hoxe o galego no ensino que se aprobaron foran as seguintes:

A/ ADMINISTRACION EDUCATIVA.— Segue a usar maioritariamente o español, especialmente nas Delegacións e Inspeccións. O uso do galego pola Consellaría ten matices de claro oportunismo e segue a ser unha práctica folclórica e diglósica.

B/ PROFESORADO.— A suavización, que non desaparición, do conflito lingüístico aberto e a inercia da rutina paralisaron ou ralentizaron a incorporación de novos ensinantes á práctica normalizadora. Nota-se, sen embargo, unha diminución dos prexuízos anti-galegos que serían superábeis para a maioría se houboese unha presión clara da Administración a favor da implantación do galego como lingua normal do ensino.

Na preparación dos ensinantes en activo no coñecimento do galego, ve-se nidiamente que non existe esa vontade política; seleccionan-se a dedo como profesores dos cursiños a persoas cunha traxectoria ben definida da práctica bilingüe, suprimen-se todas as referencias ao conflito lingüístico real que hai no país, e a aprendizaxe fai-se a partir do español perpetuando intencionalmente a dependéncia do galego ante o español.

En semellante situación de dependéncia do español se atopa a especialidade de Filoloxía Galego-Portuguesa que, ademais de non ser unha Facultade independente, rexe-se por uns criterios filoloxistas e normativistas ignorando a situación social da lingua.

A formación de novo profesorado nas Facultades e Escolas Universitarias é desgaleguizadora e allea aos intereses de Galiza.

C/ MATERIAIS E LIBROS DE TEXTO.— Constata-se a escasez e inadecuación destas ferramentas básicas de traballo no ensino. Os libros de texto de galego están feitos, na súa maioría, desde unha óptica dependente do español e teñen unha aprobación oficial sen nengunha garantía do respecto pola nosa lingua.

D/ ALUNOS.— Aceitan en xeral, que o ensinante exerza en galego; bota-se de menos a coordinación de esforzos entre os alumnos e os ensinantes galeguizadores.

As represións que seguen a sufrir os alunos polo uso do noso idioma, son, na maioría dos casos, encobertas aínda que non por iso menos eficaces.

Segue avanzando o proceso de desgaleguización entre os máis novos como se constatou nos estudos apresentados no ENCONTRO sobre un centro da Coruña e sobre a comarca de Verín.

ALTERNATIVAS

1/ Consideracións previas:

a) A escola non é unha illa dentro da sociedade; o proceso de normalización no ensino depende do proceso global que se dé na vida social, económica e política.

b) Os sectores que tradicionalmente loitaron e loitan pola normalización, seguen a ser un factor decisivo no proceso.

c) O proceso de normalización na escola non se pode deixar só a iniciativas individuais ou colectivas destes sectores comprometidos, senón que debe ser asumido pola Administración e apoiado coas medidas oportunas.

2/ Medidas a tomar

As medidas que consideramos mínimas e realizábeis a curto prazo (próximo curso) para que se inicie con seriedade o apoio da Administración ao proceso de normalización, son as seguintes:

I) Que no próximo curso se imparta, como mínimo, o 25% de todo o ensino en galego; nos centros en que este obxectivo estéxa logrado, o novo obxectivo será, para o vindeiro curso, o 50%. Nestas porcentaxes non se inclúe, claro está, a asignatura de Língua e Literatura Galega.

II) Que o idioma de toda, absolutamente toda, a Administración educativa en Galiza, sexa o galego en exclusividade.

III) Formación de equipos en todos os Centros que dinamicen e apoiem o proceso normalizador; recoñecimento a efectos laborais das horas ocupadas neste labor. Supresión do actual sistema de cursiños de galego que constitúen unha rede caciquil máis preocupada en implantar a política lingüística da Xunta que en capacitar seriamente aos asistentes e incorporá-los á práctica galega.

IV) Que se faciliten, como máis tarde a inicios de setembro, dados pormenorizados e reais dos ensinantes con práctica galega.

V) Que todos os ensinantes que exerzan en Galiza teñan un dominio real da lingua tanto oral como escrito. Que a asignatura de galego se faga desde unha óptica galega sen dependencias e sumisións ao español.

VI) Garantía de poder usá-lo e promoción do uso do galego polos alumnos. Que se persigan as represións especialmente na Selectividade, Oposicións, etc.

VII) Aumento da calidade e cantidade do material didáctico en galego sen discriminacións editoriais, ideolóxicas ou normativas. Promoción e introdución de material didáctico portugués para subsanar as carencias que actualmente hai e por ser unha garantía de protección da nosa práctica lingüística.

VIII) Galeguización do curriculum: que as disciplinas de Xeografía e Historia se fagan desde unha óptica galega non dependentes nen inmersas no ámbito español.

IX) Desaparición de todo tipo de represión por motivos de normativa.

X) Galeguización dos currículos de preparación de novos ensinantes. Criación dunha verdadeira especialidade de Galego-Portugués sen servidumes nen dependencias da Filoloxía Española cuns contidos axeitados (relevancia da sócio-lingüística, literatura e cultura nacionais, etc). Criación da especialidade de Filoloxía Galego-Portuguesa nas Escolas Universitarias do E.X.B.

AREA: MEDIOS DE COMUNICACION

I. PRENSA

1. Pode-se constatar un descenso na porcentaxe do uso da lingua: 1975: un 7,5%; 1986: un 3,2%. Este descenso debe-se a:

- a) Descenso da presión social.
- b) Relaxación do comportamento lingüístico de grande parte dos profesionais.
- c) Un nefasto ou inexistente labor institucional.
- d) A política represiva xeneralizada de determinadas empresas periódicas.

2. A iniciativa institucional caracterizou-se por:

- a) Falta de apoio significativo e real aos medios de comunicación que empregan como lingua veicular o galego (apoio menor aínda que o emprestado ás asociacións de tipo coral).
- b) Discriminacións na política de premios e subvencións (p.e.: caso de A Nosa Terra).
- c) Ineficaz ou inexistente presión sobre os xornais instando-os ao uso progresivo da lingua.

3. Propostas:

3.1 Derogación do actual decreto de Axudas á Prensa polo uso do galego.

3.2 Elaboración dun novo decreto baseado en:

- a) Aumento das axudas aos medios que empregan o galego como única lingua veicular.
- b) Axudas só aos medios que utilicen o galego en máis do cincuenta por cento da súa publicación.
- c) Que a porcentaxe de axudas sexa inversamente proporcional á da tirada.

- d) Rexeitamento dos premios e da publicidade como forma de subvención.
 - e) Igualdade de trato perante a publicidade institucional.
 - f) Rexeitamento da política de censura e discriminación normativa.
- 3.3 Instar aos medios de comunicación para que respeiten a lingua dos comunicados, notas e entrevistas que se envien ou se fagan orixinalmente en galego. Ao mesmo tempo solicitar das asociacións culturais, sindicatos, partidos políticos e todas aquelas organizacións e persoas comprometidas coa normalización, que fagan expresa a súa vontade de que a lingua que empregan eles sexa respectada.

II. MEIOS AUDIOVISUAIS

1. Pode-se constatar:
- a) A inadecuación do comportamento lingüístico nas entrevistas, nos contextos de interlocutor castelán-falante.
 - b) Desatención ao criterio lingüístico na política de contratación de persoal (fonética castelá na meirande parte dos presentadores, locutores e dobradores).
- No caso da TVE en Galiza, esta desatención é total (comportamento lingüístico, preparación do persoal, etc).
- c) Inclusión de espazos publicitarios en español na TVG.
 - d) Discriminación de persoas vencelladas a ideas lingüísticas non coincidentes coas teses oficiais.
 - e) Dobraxa incesaria de filmes portugueses e brasileiros.

2. Propostas:

- a) Uso exclusivo do galego nos medios de comunicación públicos (publicidade incluída).
- b) Atención especial á idoneidade lingüística dos locutores, entrevistadores e dobradores.
- c) Cesamento dos dobraxes de filmes brasileiros e portugueses.
- d) Non discriminación de nengun sector cultural do país nos medios de comunicación.
- e) Invitación aos concellos para que desenvolvan experiencias no campo da información radiofónica con intención galeguizadora.
- f) Legalización de todas as emisoras.

AREA: ADMINISTRACION

I. FUNCION PUBLICA

1. Constatación das dificultades de levar un labor normalizador por parte dos Concellos por falta de apoio.
2. Grandes problemas para imprimir os formulários en galego polos elevados custos.
3. Falta de vocabulários temáticos.
4. Falta dunha linguaxe administrativa galega.
5. Esixir que se efectívise o uso exclusivo do galego na administración autonómica e local, sen prácticas folclorizantes e diglósicas.
6. Esixir que todas as Administracións (local, autonómica, estatal, xudicial, etc) usen e recoñezan como única válida a toponimia galega, que é a que realmente existe (as traducións ao español son inventos) Que se tomen as medidas oportunas perante os organismos pertinentes: Correos, Telefónica, Renfe, MOPU, etc.
7. Que o coñecimento e uso do galego sexa esixido para ocupar cargos en todas as Administracións operantes en Galiza. Probas oportunas para a súa verificación.
8. Esixir que os poderes públicos galegos garantan o uso do galego na Administración, mesmo na estatal, así como nas relacións co Exército, Guarda Civil, etc.
9. Esixir o apoio da Administración autonómica á Administración local para efectivizar a galeguización.

II. ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

1. Denunciar a política represiva, contraria aos dereitos humanos, que se está a levar nos diversos estamentos da administración de xustiza no tocante ao uso do noso idioma.

2. Esixir que se respeite e promocióne o uso oral e escrito do galego, pondo como prazo máximo un ano para regular todas estas actuacións, carteis e demais formulario xurídico. Que as actuacións verbais se fagan desde xa, sempre en galego.
3. Facer un chamamento á opinión pública para que se exercite o dereito a usar o galego nas relacións coa xustiza, instando aos avogados e demais persoal da administración de xustiza a que utilicen a nosa lingua.

III. ANÁLISE DUN EXEMPLO

Analísoun-se un documento legal en galego: os Estatutos da Universidade de Compostela, a respecto do cal se aprobou:

1. Constatar a forte rixidez e intolerancia do texto coas normativas non oficiais.
2. Constatar a imprecisión e vacilación dos tradutores dos Estatutos, pondo de manifesto que non foi por vontade propia, senón por un padrón lingüístico mal usado e pola súa incompetencia.
3. Esixir que as autoridades académicas usen criterios científicos á hora de seleccionar as persoas que deben asesorar nesta materia.
4. Esixir das cátedras de Dereito que se fagan garantes da precisión xurídica e da terminoloxía utilizada.
5. Instar ao Reitorado a que informe publicamente da forma en que se redactou definitivamente o Estatuto, e se é verdade que só o fixeron filólogos sen a presenza de xuristas e economistas que lle deseen cobertura científica á redacción.
6. Esixir a redacción dun texto digno e respeitoso co galego que non implique como o actual equívocos e indefensión xurídica.

AREA: CRIACION LITERARIA

Aprobaron-se os seguintes acordos:

1. Denunciar as restricións que están pondo os poderes públicos, entidades financeiras e editoriais á publicación de libros.
2. Denunciar as discriminacións que se están a facer nos premios literarios por razóns de normativa.
3. Rexeitar os intentos de manipulación da literatura galega por parte de diversos sectores que a intentan assimilar á española.
4. Condenar a deturpación e desfeita nas reedicións, e os secuestros, por ocultamento, dos **CLASICOS GALEGOS**.
5. Esixir a publicación de textos sen restricións ideolóxicas nen ortográficas.
6. Esixir que se subvencionen todos os libros editados en galego, incluídos os das Asociacións Culturais e outras entidades sen ánimo lucrativo, así como as edicións de autor.
7. Reclamar a inclusión da literatura portuguesa e brasileira nos programas de ensino medio.

AREA: ESTANDARIZACION DA LINGUA

Apresentou-se ao ENCONTRO un documento avalado por máis de 200 firmas de profesores de galego licenciados que leva por título: **MANIFESTO POR UN ACORDO NECESARIO**. Este MANIFESTO, orixinariamente dirixido aos profesores de galego, foi aprobado polos asistentes e ampliado o seu ámbito de aplicación. O texto aprobado é:

MANIFESTO POR UN ACORDO NECESARIO

Os asistentes ao ENCONTRO, á vista da anormal situación plantexada por causa do xa endémico conflito normativo que afecta á nosa lingua, consideramos necesario presentar a todos os que usan o galego unha proposta de acordo neste tema.

I. RAZONS DA PROPOSTA

Esta necesidade é sentida por nós, entre outras, polas seguintes razóns:

1. *A lingua da Galiza é o galego*. De admitirmos isto —que pola nosa parte está fora de toda dúbida— resulta evidente que o noso idioma debe tamén estar lonxe de todo exclusivismo e manipulación. Sen embargo, a situación é hoxe tal (dadas as maneiras impositivas e unilaterais dos que detentan o poder) que a normativización —e moi en especial a ortográfica— se ten convertido nun atranco (cando non nunha escusa) á hora de abordar o vital obxectivo da normalización.

2. Se ao indicado engadimos os perxuizos que tal conflictividade provoca —nun maior ou menor grao— no alunado e na sociedade en xeral, cumpre un acordo solidario e operativo que supere a actual situación, posibilibite o aumento do prestixio e seriedade do galego perante o seu entorno social e facilite a acción normalizadora.

II. CONDICIONANTES DA PROPOSTA

Sentados estes dous principios, que inciden no proceso normalizador, pasamos a expor os condicionantes básicos da proposta:

1. As actuais *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego* son o resultado das directrices do I.L.G. e da R.A.G. Sen tentarmos descalificá-las na súa totalidade e recoñecendo-lles o seu esforzo sistematizador, fican obsoletas, e si entón, descalificadas, tendo en conta os procedimentos directos e

indirectos que se seguiron para conseguir a súa implantación. A implantación máis ou menos subtil nunca debe ser cremos— a maneira de afrontar un problema semellante. Proba, para nós, do anterior é que esta normativa non se dá consolidado nen na sociedade nen no profesorado; neste sentido é ben significativo o feito de que, por exemplo, as publicacións directa ou indirectamente dependentes da Administración a *impoñan*, e que aquelas outras non dependentes apreseten unha maior pluralidade e tolerancia.

Esta imposición chega ás veces a niveis tan contraditórios como, por exemplo, que algunhas editoriais e autoridades censuren formas e opcións admitidas nas propias *Normas*... antes citadas.

2. O claro e forte proceso de castelanización que a nosa lingua segue a soñar e a necesidade de evitar este deterioro e así dignificá-la, cremos que precisa dunha clara distinción entre NIVEL INFORMAL e NIVEL FORMAL. Aquí é precisamente onde sentimos a ortografía e certos trazos morfolóxicos como un instrumento necesario e inicial para a estandarización lingüística.

III. MARCO DA PROPOSTA

Partindo de tais condicionantes, definimos os marcos da nosa proposta nos seguintes termos:

1. Frente á imposición, propugnamos o diálogo e, dado que todos temos responsabilidade neste tema, procurar un acordo dentro da liberdade e da pluralidade.

2. Frente ao deterioro do idioma a expensas do castelán, propomos unha estandarización que reintegre o galego no ámbito lingüístico que lle é propio, tendo en conta as posturas existentes hoxe.

IV. PROPOSTA

Así, e para evitarmos que se manipule o galego como unha arma de poder e conseguirmos un ámbito de liberdade no que se pretende convencer e non vencer, propomos unha ortografía non baseada no modelo español, tomando como referencia o acordo ortográfico de 1980 e facendo fincapé no seguinte:

1. *Rexeitar:*

- A representación gráfica da asimilación na "segunda forma do artigo".
- As contraccións do tipo "ó", "có", "cá",...

—A realización en “-ble” do sufixo larino **-BILEM**

2. Defender:

—Unha acentuación non tirada do castelán.

—A separación mediante trazo dos pronomes en posición enclítica.

—Restruturación dos paradigmas verbais.

—Revisión dos grupos cultos.

V. CHAMADA

Facer un chamamento a todos os que utilizan o galego e as autoridades para que se sumen a este **MANIFESTO** e adecuen os seus comportamentos aos termos que nel se definen.

DENUNCIAS CONCRETAS

1. Rexeitamos e condenamos enerxicamente as declaracións da Directora Xeral de Política Lingüística tendentes a provocar que instancias privadas tomen o protagonismo nas denuncias e na represión dos profesionais do ensino que non seguen a normativa oficial do galego. Facemos extensiva á condena ao parlamentario do PSOE Alfredo Conde pola súa interpelación provocadora e belixerante solicitando máis represión.

2. Denunciamos a actitude do Concello da Coruña, personalizada no seu alcalde Francisco Vázquez, polo seu desprezo público e sistemático da cultura e o idioma do país.

3. Denunciamos o uso, ou mellor non uso, do galego que se fai na Administración educativa, personalizada neste caso no Delegado de Educación da Coruña, polas súas circulares en español.

RESOLUCIONS FINAIS

I. Acorda-se dar a máxima transcendência e introdución social ás conclusións aprobadas no ENCONTRO e para este fin decide-se:

1. Dar-lle a máxima difusión nos medios de comunicación.

2. Instar ao posicionamento e adhesión ás conclusións aprobadas a todas as organizacións sindicais, políticas, pedagóxicas, culturais, profesionais, etc.

3. Esixir de todas as instancias oficiais (Parlamento, Xunta, Administración autonómica, Provincial, Local, Xudicial, etc.) a adopción das medidas oportunas que poñan en práctica as conclusións aprobadas.

4. Convocar para o día 17 de maio en Compostela pola tarde un acto cívico que constará dunha manifestación de apoio a estas conclusións e un festival cultural-musical.

5. Solicitar dos ensinantes a organización nos seus centros de excursións cos seus alumnos para asistir ao acto convocado no punto 4.

6. Pedir o apoio para a III Carreira Popular en defensa do idioma que organiza a Federación de Asociacións Culturais.

7. Solicitar aos Centros de Ensino que organicen actos nos que se den a coñecer as conclusións do ENCONTRO.

II. Constitúe-se unha MESA PARA A NORMALIZACION LINGÜÍSTICA encargada de pór en práctica as conclusións do ENCONTRO. Inicialmente constituída por: Asociación de Escritores en Língua Galega, Asociación Sócio-Pedagóxica Galega, Federación de Asociacións Culturais Galegas e Asociación Galega de Língua e Colectivo de Profesores Promotores do Manifesto, está aberta a todas as Asociacións culturais, lingüísticas, pedagóxicas ou profesionais que apoién explicitamente estas CONCLUSIONES.

Compostela, 20 de Abril de 1986

CONCLUSIÓN

DO

ENCONTRO ESTADO ACTUAL DA NORMALIZACION LINGUISTICA (ANALISE DA POLITICA OFICIAL E ALTERNATIVAS)

CELEBRADO EN

SANTIAGO DE COMPOSTELA

18 - 19 - 20 DE ABRIL DE 1986

Convocado por:

ASOCIACION DE ESCRITORES EN LINGUA GALEGA
ASOCIACION SOCIO-PEDAGOXICA GALEGA
FEDERACION DE AA. CULTURAIS GALEGAS

E apoiado por:

ASSOCIAÇOM GALEGA DA LINGUA

Promove a edición:

MESA PARA A
NORMALIZACIÓN
LINGÜÍSTICA